

Isabel Risco presenta...

Bravas

a nosa historia, con saias e a rachar

un espectáculo dirixido por Fran Rei



- 3400 D.C.
- 3000 D.C.
- 2600 D.C.
- 2200 D.C.
- 1800 D.C.
- 1400 D.C.
- 1000 D.C.
- 600 D.C.
- 200 D.C.
- -200 A.C.
- -600 A.C.
- -1000 A.C.
- -1400 A.C.
- -1800 A.C.
- -2200 A.C.
- -2600 A.C.

CULTUR
ACTIVA

maquinaria
pesada



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

Culturactiva SCG representa, tras unha dilatada traxectoria, un claro referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada xa como unha das grandes distribuidoras do país, o seu ámbito profesional abrangue os campos da venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo.

Deste xeito, Culturactiva converteuse en Galicia nun motor para os sectores teatral e musical, tanto a través de grandes festivais e plataformas, como son o Festiclown, Galeuzca, Olladas do Planeta ou a Feira Ecolóxica, como do seu fundamental traballo na distribución e produción escénica. Co paso do tempo e avalada pola súa experiencia, Culturactiva ampliou o seu ámbito de actuación máis aló das nosas fronteiras, estendendo o seu labor ao resto do estado e a nivel global.

Culturactiva é a entidade na que confían a súa distribución en Galicia a artistas internacionais do nivel de Leo Bassi, Jango Edwards, compañías como Yllana, Pepe Viyuela, Vol é Temps, e intérpretes galeg@s de gran proxección como Dani García, Sergio Pazos, Baobab Teatro, Isabel Risco, Pedras de Cartón, Avelino González ou Mago TeTo.

No eido da distribuidora musical, Culturactiva traballa con formacións musicais do país de gran prestixio, como son Guadi Galego, Talabarte, Leilía, Mercedes Peón ou Os Amigos dos Músicos, ademais de propostas doutras latitudes, como Amparanoia, Malevaje, Fado Violado ou Celina da Piedade.

SINOPSE

Isabel Risco protagoniza **Bravas**, o seu segundo espectáculo unipersonal, no que nos ofrece a súa particular visión da historia das mulleres galegas. Unha historia sempre roubada, agochada e invisibilizada.

Bravas é unha produción teatral sobre mulleres sen medo, mulleres que forman parte dun valeroso clan, o clan que elas mesmas paren, amamantan, manteñen, constrúen cós alicerces da rebeldía, da rebelión, da ilusión, do inconformismo, da valentía, da xustiza social, da empatía, da humanidade. Semente que levan séculos plantando, dobrando o lombo, coa lúa crecente e que, pase o que pase, sempre medrará vizosa, porque non hai forza reaccionaria que veña de fóra, de lonxe, ou desde o propio país, que debilite esta forza imparábel. Mulleres empoderadas que, ao longo dos anos, se enfrontaron á máquina do poder establecido coas armas da xustiza social, da igualdade, da construción masiva para transforma a realidade e conseguir deste xeito un país mellor, e, pólo tanto, un mundo mellor.

Isabel Risco proponnos un xogo desde o teatro cómico e comprometido. Alegre e combativa, porque entende que se non podemos bailar, se non é divertíndonos, tampouco é a nosa revolución. Así, con este espectáculo pretende ademais reivindicar o humor das mulleres, que ofrece unha perspectiva única, plural, diversa, poliédrica e tan necesaria da realidade.

Bravas fai un repaso histórico pola nosa era, desde a época castrexa ata o século XXIII. Unha viaxe no tempo con paradas en diversas estacións, reparando nas pequenas e grandes historias protagonizadas polas nosas mulleres. Isabel Risco ponse na pel dunha muller do rural galego de finais do século XXVII, dunha muller en loita en plena revolución industrial, dunha rapaza que descobre o mundo nos anos 60, ... Mulleres do noso pasado, do noso presente e, tamén, do noso futuro. E todo isto pasado polo filtro, sempre aloucado, sempre cómico, sempre sorprendente desta actriz sen igual.



FICHA TÉCNICA

Autores/as:

Paula Carballeira

Roi Vidal

Clara Gayo

Xurxo Barcala

Isabel Risco

Fran Rei

Elenco:

Isabel Risco

Dirección:

Fran Rei

Escenografía:

Maquinaria Pesada

Iria Ribadomar

Atrezzo e vestuario:

Maquinaria Pesada

Responsable técnico:

Javier Ayude “Beca”

Producción:

Culturactiva S. Coop. Galega

Maquinaria Pesada



ISABEL RISCO É ACTRIZ, CLOWN E PEDAGOGA TEATRAL

Comeza a súa andaina en grupos de teatro universitario da Coruña, na escola Casahamlet e asistindo a cursos monográficos con mestres como John Strasberg, Eric de Bont, Jango Edwards, John Wright, Leo Bassi, Serge Nail, Kirko Koski, Alfredo Rodríguez, Tom Greder, Claudia Contín, Angel Burgos, Sophie Gazel, Carlo Colombaioni, Pablo Muñoz, Johns Pappila, Manuel Lourenzo, Carlo Bosso, etc...

Dende o ano 2000 participa en espectáculos profesionais nas compañías Pérez&Fernández, Redrum Teatro, Ibuprofeno Teatro, Espello Cóncavo, Culturactiva Producións, Os sete magníficos máis un, Manicómicos e Producións Desaqueloutradas, coas que ten participado nalgúns dos festivais de teatro e clown máis importantes da península, e na compañía propia Maquinaria Pesada, con espectáculos de produción propia como *As Vingadoras* ou *Nabiza Girl & Unha Viaxe EspaZial*. Igualmente, dende o ano 2001 forma parte da compañía Trinketrinke teatro, especializada en teatro infantil e dinamización á lectura.

No 2005 gradúase en Pedagogía Teatral na Universidade da Coruña, aínda que vén desenvolvendo a actividade de monitora de teatro en colexios dende o 2001.

No ámbito do audiovisual, traballa como actriz secundaria e protagonista en series como ***Padres Casares, A vida por diante, O Nordés, Air Galicia, Era Visto!, A Casa da Conexa, Os Caseiros, Casa Manola*** ou ***Augasquentes*** e outros programas da TVG como ***O Show dos Tonechos, En Pé de Festa, Zapping Comando, Máxima Audiencia, Luar, A Solaina, BumBumBumeran, Heicho Cantar, Land Rober, Tourilandia*** ou ***Land Rober Tunai Show***. Ademais, realiza curtametraxes, publicidade e algunha longametraxe, como ***Os mortos van de présa, Onde está a felicidade?, 9 Ondas*** ou ***Pelerinaxes***.

Na XII Edición dos Premios do Audiovisual Galego recibe o Premio Mestre Mateo á mellor interpretación feminina de reparto polo personaxe de Dona Hortensia en ***Era Visto!***, producida por Zopilotes para TVG. Na 26 edición do Festival de Teatro Galego do Carballiño, setembro de 2015, recibe o premio á mellor actriz polo seu papel en ***O Furancho*** de Ibuprofeno Teatro.



FRAN REI

Lugo, 1973

Fran Rei é actor cómico, autor de guións e director teatral.

Na súa formación escénica, ademais dos anos da Aula de Teatro do Campus de Lugo (USC), dirixida por Tareixa Campos, destacan numerosos cursos de teatro, clown e bufón con algúns dos mellores mestres do panorama internacional, como Good Idea Company, Carlo Colombaioni, Jango Edwards, Leo Bassi, Eric de Bont, Iván Prado ou Antón Valén.

Actor profesional desde o ano 2001, ten participado nos seguintes espectáculos:

Cousas de Mulleres

Os Sete Magníficos máis Un

Un Punky na Corte

Producións Desaqueoutradas

U-la Praia?

Os Sete Magníficos máis Un

Manicomio só para Clowns

Os Sete Magníficos máis Un

O Gordo e o Calvo

Dous son Compañía

Dous Pallasos en Apuros

Os Sete Magníficos máis Un

A Cadeira Voadora

Os Sete Magníficos máis Un

Dous Pallasos en Máis Apuros

Os Sete Magníficos máis Un

Que máis dá!

Bagunça Teatro

Frantasmás

Acontrabutaca Producións

Concerto Magnífico

Os Sete Magníficos máis Un

Falar sen Cancelas

Culturactiva Producións

O Valo

de Pallasos en Rebeldía

RETRINCOS de Castelao

Culturactiva Producións

Dous no Camiño

Culturactiva Producións

Saaabor!

Culturactiva Producións

Papar sen Cancelas

Culturactiva Producións

Ademais dos seus espectáculos en solitario:

A Historia de Brancaflor

O Conto de Barriga Verde

A Galiña Azul

Superheroe

Tamén ten experiencia no mundo televisivo. Xunto a Pedro Brandariz, formou as parellas cómicas O Gordo e o Calvo e Os Ramistas, que participaron regularmente no programa Luar da TVG de 2012 a 2016.

Monitor de dramatización e teatro, dirixe varias aulas de formación teatral desde 2001, como a Aula de Teatro Municipal de Teo ou a Aula de Teatro da Asociación Artística de Cuntis. Especialista en clown, desenvolve regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica. Asemade, nos últimos cinco anos ven desenvolvendo diferentes obradoiros de integración social a través do teatro con colectivos de persoas con outras capacidades, como CON ELES (Vilagarcía de Arousa), Andaina PSM (Dodro) ou Avante (Val do Dubra).

Como director de espectáculos cómicos e de pequeno formato, é responsable dos seguintes proxectos:

Supergalácticos, de Código Morsa

Volta á Maxia, de Dani García

Ritmo de Refugallo, de Trío Refugallo

Concerto Singular (e Plural), de Píscore

Pan con Chocolate, de Saleta Fernández

Concerto Con Fusión, de Píscore

Soa, de Rogelia dos Outeiros

+ RITMO, de Trío Detrés

BRAVAS, de Isabel Risco

É membro fundador da organización galega de cooperación internacional a través das artes Pallasos en Rebeldía e, con esta entidade, entre outras moitas actividades, ten participado en diversas caravanas de pallasos por comunidades indíxenas de Chiapas (México).







CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

+34 981 582 836